



Concello de Arbo

BASES DO CONCURSO DE CARTEIS DA “LXVII FESTA DA LAMPREA”: **CATEGORÍA LIBRE**

1.- Obxectivo ou Finalidade do concurso:

O Concello de Arbo convoca o concurso de carteis con motivo da celebración da “LXVII Festa da Lamprea” que se atopa prevista para os días 23, 24 e 25 de abril de 2027.

Este concurso ten como obxectivo deseñar o cartel para a “LXVII Festa da Lamprea”, promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio.

2.- Participantes:

Poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas que o desexen, sexa cal sexa a súa nacionalidade ou lugar de residencia. Será condición indispensable que os traballos sexan orixinais e inéditos, do que o autor se fai responsable coa mera presentación do traballo, certificando con iso que os traballos non teñen restricións de uso.

Os beneficiarios ou premiados non poderán estar incursos nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

3.- Tema, Características técnicas, Soporte e Material:

A temática será a LXVII Festa da Lamprea e deberá reflexar o que simboliza a Festa da Lamprea para Arbo, así como se valorará a creatividade, a orixinalidade e a inclusión de valores culturais, patrimoniais e etnográficos relacionados coa Lamprea e Arbo.

As propostas serán entregadas en soporte físico (papel, tea, tarxeta...) no que os participantes consideren oportuno e en tamaño mínimo A3, así como en soporte dixital á máxima resolución.

Nos carteis deberá incluírse o seguinte, sendo o erro ou omisión dalgún dos termos motivo de exclusión do cartel no concurso:

- LXVII Festa da Lamprea Arbo





Concello de Arbo

- Ano 2027
- 23, 24 e 25 de abril de 2027
- Festa de Interese Turístico Internacional

Os materiais a empregar poderán ser lapis de cores, ceras, acuarelas, témperas, collage, técnica fotográfica ou informática, etc.

As obras orixinais presentadas deberán vir protexidas de forma adecuada; o Concello non se responsabiliza de ningún dano que poidan sufrir durante o transporte ou manipulación das mesmas.

4.- Premios e réxime fiscal:

Establécense os seguintes premios:

- **1º Premio:** 1000,00 euros.
- **2º Premio:** 600,00 euros.
- **3º Premio:** 400,00 euros.

Os premios serán entregados na Gala da Lamprea.

O día e lugar da Gala estarán dentro das actividades programadas nos actos da Festa da Lamprea e será debidamente notificado aos gañadores.





Concello de Arbo

É condición indispensable que os gañadores estean presentes no acto para recoller o premio, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

O importe dos premios será sufragado con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do exercicio 2027, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2027.

Os premios estarán suxeitos á correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

5.- Presentación e prazo de finalización:

Os concursantes presentarán as súas obras no Rexistro Xeral do Concello de Arbo, sito na Praza Consistorio nº 1, 36430 Arbo (Pontevedra), e poderán remitilas por mensaxería, correo postal ou mediante entrega en man, indicando na embalaxe: "Concurso Cartel LXVII Festa da Lamprea".

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras, as cales deberán ser orixinais e inéditas, asumindo os concursantes a plena responsabilidade de que non existan dereitos de terceiros sobre as obras presentadas, así como renunciando a calquera reclamación por dereitos de imaxe.

O Concello non se responsabiliza de posibles danos, extravíos, nin da devolución das obras unha vez concluído o concurso.

Os carteis serán presentados sen firma do autor, baixo un lema que libremente escollan os seus autores, debendo constar por escrito no dorso da obra.

A proposta deberá vir acompañada **DUN SOBRE PECHADO NO QUE CONSTE NO SEU PARTE EXTERIOR O LEMA DE REFERENCIA, E CONTEÑA, ESCRITO A MÁQUINA OU CON LETRA LEXIBLE, OS DATOS PERSOAIS DO AUTOR** (nome e apelidos, domicilio, poboación, teléfono, email, etc.), **ASÍ COMO FOTOCOPIA DO D.N.I., A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO I DEBIDAMENTE ASINADA E O CARTEL EN FORMATO DIXITAL (PEN DRIVE).**

No exterior do sobre indicado aparecerá en letras maiúsculas o tema do concurso, sen constar alusión algunha que permita identificar ao concursante, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.





Concello de Arbo

Os traballos poderán presentar-se a partir do día seguinte ao da publicación das bases no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións. O prazo para presentalos remata o **23 de decembro de 2026**.

6.- Xurado:

Haberá un xurado composto por representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do Concello de Arbo, cuxa designación se fará pola Alcaldía, e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento.

O xurado poderá deixar desertos os premios se ningunha proposta acada a calidade esixida, ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten ás bases.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

Os premios farán-se públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos gañadores/as.

7.- Traballos premiados:

As propostas presentadas e premiadas ficarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

O Concello poderá efectuar cantas reproducións precise do cartel que obteña o premio e difundilo, sen que polo seu autor poida evocarse ningún tipo de dereito ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar material relacionado coa festa.

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.





Concello de Arbo

O gañador renuncia sen limitación a calquera reserva de dereitos no seu favor ou a calquera outro dereito sobre o deseño. O Concello de Arbo resérvase o dereito de edición e poderá modificar, se fose necesario, as datas das celebracións, avisando oportunamente aos autores das obras.

8.- Traballos non premiados:

As obras non premiadas devolveranse aos seus autores, podendo estes pasar a recolelas polas dependencias municipais.

As obras non premiadas poderán ser recollidas a partir do quinto día posterior ao fallo do xurado no mesmo lugar onde foron entregadas.

Os autores das obras serán os encargados de retiralas da forma que estimen oportuna.

Transcorrido o prazo de 30 días, o Concello non se responsabilizará do destino das obras non retiradas.

9.- Publicidade:

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Taboleiro de Anuncios do Concello, na web da Festa da Lamprea (www.festadalamprea.gal), nas redes sociais do mesmo e nas redes sociais da Festa da Lamprea.

10.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e, se é o caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.





Concello de Arbo

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios de comunicación institucionais como boletíns ou diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo: https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572.

De igual forma, poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

11.- Normas finais:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O alcalde, Horacio Gil Expósito. (*Sinatura dixital á marxe*)





ANEXO I

_____, aos efectos do previsto nas bases do concurso de carteis da “**LXVII Festa da Lamprea. Categoría Libre**”, **DECLARO:**

Que reúno os requisitos para ser beneficiario dos premios previstos nas referidas bases, ao concorrer na miña persoa as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria, e ao **non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias previstas no art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións** (ou no art. 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

Asdo.:

Protección de datos	
Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.
Lexitimación para tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas propias competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=572
Máis información e contacto coa	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572

Cod. Validación: 65FJUDAD92KYNIPMNFZLWVQ
Corrección: <https://concedoelab.com/seguridadelectronica/gal/>



Concello de Arbo

Protección de datos	
persoa delegada de protección de datos	

